



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE, POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE VILLESTRO II FIGUEIRAS II, NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), PROMOVIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL (CLAVE: 2025/0233).

Antecedentes e xustificación do proxecto

Por solicitude dos agricultores e propietarios das parroquias de Villestro e Figueiras, do concello de Santiago de Compostela (A Coruña), a Consellería do Medio Rural iniciou os trámites previos para levar a cabo a reestruturación parcelaria dos terreos nesa zona.

A proposta da consellería competente en materia de desenvolvemento rural declarouse de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Villestro II-Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela (A Coruña), polo Decreto 322/1991, do 4 de outubro, (DOG Núm. 197, do 11 de outubro de 1991).

Dentro do procedemento substantivo de aprobación da reestruturación parcelaria de Villestro II Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela (A Coruña), seguido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, quen actúa tamén como promotor, recíbese, procedente da dita dirección xeral, a solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1. Información do proxecto

1.1. Motivación da aplicación do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria

O proxecto de reestruturación parcelaria ao que se refire esta declaración de impacto ambiental estaría dentro dos supostos que establece o artigo 7.2.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ao estar incluído no Grupo 1.a) do Anexo II da dita lei (*Proxectos de concentración parcelaria*), polo que resultaría preceptivo o seu sometemento ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada e a formulación do informe de impacto ambiental, con carácter previo á súa autorización administrativa, de conformidade co establecido no artigo 45 e seguintes da citada norma.

Non obstante, o promotor solicitou o seu sometemento á avaliación de impacto ambiental ordinaria, de acordo co indicado no artigo 7.1.d) da Lei 21/2013, do 9 decembro, de avaliación ambiental. En consecuencia, o proxecto someteuse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria segundo a dita Lei 21/2013, do 9 de decembro, e agora procede formular a declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co artigo 41.1 da dita lei.

1.2. Promotor do proxecto e órgano substantivo

O promotor e o órgano substantivo do proxecto é a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, da Consellería do Medio Rural.





1.3. Obxecto do proxecto, alternativas estudadas e descrición da alternativa seleccionada

A reestruturación parcelaria de carácter público consiste na reordenación da propiedade da terra dentro dun perímetro determinado, para mellorar a estrutura territorial agraria, impulsada pola administración pública.

A presente reestruturación parcelaria enmárcase no proceso de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia e ten como finalidade mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias, con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva.

O obxecto do proxecto é a execución da reestruturación parcelaria nos perímetros correspondentes aos montes das parroquias de Santa María de Vilvestro e Santa María de Figueiras, no termo municipal de Santiago de Compostela, excluindo as zonas de labor e prado xa concentradas con anterioridade e as superficies cualificadas como zonas urbanas e núcleos rurais polo Plan Xeral de Ordenación.

No estudo de impacto ambiental (EIA) deste proxecto de reestruturación parcelaria propóñense diferentes alternativas, incluíndo a alternativa 0 ou de non realización da reestruturación parcelaria. Esta última desbótase, segundo o EIA polo feito de que, entre outras razóns, existe un claro interese por parte da veciñanza e polo concello en levar a cabo esta reestruturación, e ademais suporía non tomar medidas contra a progresiva degradación dos montes da zona, manter o descoñecemento da titularidade das parcelas, fomentando o abandono progresivo dos traballos silvícolas, incrementando os incendios forestais e dificultando o control destes.

Dentro das alternativas que si optan por realizar a reestruturación, contéplase como alternativa 1 incluír a totalidade do perímetro abarcado polas dúas parroquias, incluso os terreos xa concentrados con anterioridade. Poderían producirse desprazamentos de terras non só entre as dúas parroquias, senón tamén entre os montes e as parcelas xa concentradas, isto aínda que poda supor un maior índice de concentración, pode supoñer un incremento das talas de vexetación arbórea, unha perda de valores naturais e a degradación da paisaxe, polo que finalmente elixe a alternativa 2. Esta alternativa abrangue perímetros de monte non concentrado con anterioridade, excluindo os terreos xa concentrados e as zonas urbanas, o que supón unha superficie total de 1.436,84 ha. Arguméntase que esta opción terá unha menor afección ao medio ambiente, ao diminuír a tala inducida de especies autóctonas. Ademais diminúe a interferencia coas vías de comunicación, as interaccións cos elementos catalogados como bens patrimoniais, así como o desenrolo interior dos núcleos urbanos existentes. Por outra banda, mellora os accesos aos montes, e así facilita as intervencións silvícolas, evitando a degradación e o abandono.

O proceso de reestruturación parcelaria consiste na agrupación de diversos terreos rústicos de reducida extensión para unificar e facilitar o cultivo e comprende varias fases, que se





poden agrupar en fase de formulación, fase de execución e fase de explotación das novas parcelas.

Entre as actuacións dentro do procedemento de reestruturación parcelaria atópanse as seguintes:

- Na fase de formulación: a documentación dos proxectos que integran o plan de obras e o documento da enquisa do Acordo e do Acordo de reestruturación parcelaria.
- Na fase de execución: a execución das obras previstas no plan de obras e o replanteo das leiras de substitución e a colocación de marcos.
- Na fase de explotación: toma de posesión e explotación das leiras de substitución, a utilización da rede viaria e o uso das obras complementarias.

As obras incluídas no plan de obras serán, polo xeral, as redes de camiños principais e secundarias; accesos as leiras de substitución; obras de acondicionamento e mellora da estrutura das novas leiras; outras obras e melloras que beneficien as condicións agrarias e medioambientais da zona ou teñan por obxecto corrixir defectos nas infraestruturas.

A delimitación do contorno da zona de reestruturación parcelaria (ZRP) está determinada polo Decreto 322/1991 do 4 de outubro, (DOG Núm. 197, do 11 de outubro de 1991), de utilidade pública e susceptible de variación como consecuencia das rectificacións que se poidan introducir de conformidade co previsto na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, así como polos condicionados xurdidos durante a tramitación de avaliación de impacto ambiental do expediente.

O perímetro do contorno da zona de reestruturación parcelaria que é obxecto desta declaración de impacto ambiental, como xa se indicou, afecta a unha superficie total de 1.436,84 ha, cun total de 13.930 parcelas cunha superficie media de 1.031 m², pertencentes a 1.329 propietarios. A proposta de reestruturación inclúe polo tanto 1.436 ha de monte, excluindo do procedemento os terreos xa concentrados con anterioridade e os solos urbanos, cun total de 543 ha, que abarcan os terreos de leiras e suburbanos asociados que se intercalan entre os diferentes montes ocupando as zonas baixas dos vales.

Segundo o EsIA a rede viaria proposta se desenrola na case totalidade en solo rústico de protección forestal, polo que teñen a consideración de pista forestal. A rede de comunicacións entre núcleos existente está adaptada ás necesidades de conectividade destes, con plataforma asfaltada e que non precisa de mais traballos que labores de mantemento. Existe unha rede de camiños de terra para servizo das fincas moi abundante, e que en xeral ten unha largura suficiente para o uso que prestan. Gran parte delas poderán ser conservadas no seu trazado con pequenas actuacións de mellora na plataforma e no drenaxe. Polo tanto, a proposta básica de rede de camiños reflexa unha ampla rede de camiños existentes a conservar que non precisa de execución de obras importantes de drenaxe, por non ser necesario a execución de novas pontes sobre a rede principal de ríos e regatos, e resultar suficiente e utilizables os existentes na actualidade para a conectividade dos núcleos e os accesos ás fincas.





1.4. Localización e principais elementos ambientais

1.4.1. Localización do proxecto

A reestruturación parcelaria de Vilvestro II Figueras II que é obxecto deste proxecto, localízase no concello de Santiago de Compostela, na comarca de Santiago, pertencente á provincia de A Coruña.

A comarca de Santiago inclúe 6 municipios: Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra.

A división administrativa do Concello de Santiago de Compostela conta con 29 parroquias, nas que se inclúen as parroquias de Vilvestro e Figueras, cuxoa montes se integran na ZRP.

A zona de reestruturación parcelaria está comprendida nas parroquias de Vilvestro e Figueiras incluíndo os perímetros correspondentes aos montes destas parroquias, excluindo as zonas de labor e prado xa concentradas con anterioridade e as superficies calificadas como zonas urbanas e núcleos rurais polo Plan Xeral de Ordenación

O perímetro da zona de reestruturación parcelaria abrangue unha superficie total de 1.436,84 ha, cun total de 13.930 parcelas pertencentes a 1.329 propietarios. A delimitación do contorno da zona de reestruturación está determinada polo decreto de utilidade pública. Decreto 322/1991 do 4 de outubro de 1991, e susceptible de variación como consecuencia das rectificacións que se poidan introducir de conformidade co previsto na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Na figura que se inclúe continuación móstrase a localización da zona de reestruturación parcelaria obxecto desta DIA, incluída no estudo de impacto ambiental.






Figura 1: Zona de reestruturación parcelaria de Villastro II Figueiras II. Fonte: EsIA

1.4.2. Principais elementos ambientais.

Segundo o estudo de impacto ambiental (EsIA), na zona a reestruturar so se inclúen os montes, xa que as zonas de labor xa foron concentradas con anterioridade. Non obstante, a zona de monte presenta na actualidade un estado de degradación avanzado. A maior parte da superficie está ocupada por mesturas de especies arbóreas e mato, mestura de especies arbóreas, principalmente eucalipto e pinos, nalgúns casos con presenza de carballos, ou por eucaliptos e pinos, como plantación (58% da superficie). A superficie de caducifolias representa só o 3,4%, a maior parte concéntrase no entorno das canles e o mato é importante co 11,8%.





O EsIA incorpora a zonificación da área de estudo nas seguintes unidades ambientais que ordenadas en función da súa representación territorial de maior a menor superficie son, area forestal produtiva (predominio de eucalipto) 53%, mosaicos de cultivos 14%, matogueira 11%, áreas de bosques de caducifolias 8%, zona rururbana 8% e áreas ripícolas e galerías fluviais 3%. As unidades ambientais que se valoran con maior naturalidade, diversidade, interese paisaxístico e fragilidade son os bosques ripícolas, as formacións boscosas de especies autóctonas e as matogueiras, que en conxunto ocupan un 22% do territorio. A maioría do territorio é de monte con aproveitamento forestal produtivo a base de eucalipto (53%), que se valora con índices baixos en canto a súa naturalidade, diversidade é interese paisaxístico.

En relación ao patrimonio natural e a biodiversidade, de acordo co informado polo órgano competente, o lugar onde se localiza a zona de reestruturación parcelaria (ZRP) non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Dos espazos incluídos na rede galega de espazos protexidos (RGE) os máis próximos son o Espazo Protexido Rede Natura 2000 (EPRN2000) "Sistema fluvial Ulla-Deza" a 2,3 km e "Río Tambre" a 4,6 km. A zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais e o desenvolvemento do proxecto non afecta a ningunha das zonas húmidas recollidas no Inventario de humidaís de Galicia (IHG). Segundo o EsIA, dentro do ámbito da reestruturación atópase o humidal Brañas de Brins, situado ao norte leste do núcleo de Brins.

Segundo o Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España 2005, elaborado polo ministerio Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, na zona de actuación localízanse teselas onde de identificaron os seguinte hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios*: 4020* Brezales húmedos atlánticos de zona templadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*; 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*); 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*; 4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos; 4030 Queirogais secos europeos; 5110 Formacións estables xerotermófilas de *Buxus sempervirens* en pendentes rochosas (*Berberidion* p.p.)

Segundo a información dispoñible no órgano competente, a cuadrícula na que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (10X10 29TNH35 e 29TNH34) correspóndese coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de Especies Ameazadas (CGEA): Flora (*Dryopteris aemula* V, *Frullania oakesiana* V, *Narcissus cyclamineus* V, *Sphagnum pylaesii* V, *Utricularia minor* V, *Veronica micrantha* V); Invertebrados (*Elonga quimperiana* E, *Macromia splendens* E, *Margaritifera margaritifera* E, *Geomalacus maculosus* V, *Oxygastra curtisii* V); Peixes (*Petromyzon marinus*, V (3)); Anfibios (*Chioglossa lusitanica* V, *Hyla arborea* V, *Rana iberica* V, *Rana temporaria* V, *Discoglossus galganoi* V(2)); Aves (*Milvus milvus* E, *Gallinago gallinago* E(1), *Vanellus vanellus* E(1), *Circus pygargus* V, *Scolopax rusticola* V(1)); Mamíferos (*Galemys pyrenaicus* V, *Myotis bechsteinii* V, *Myotis emarginata* V, *Myotis myotis* V, *Rhinolophus ferrumequinum* V e *Rhinolophus hipposideros* V).

(E) En perigo de extinción. (V) Vulnerable. (1) Poboación nidificante. (2) Poboacións insulares. (3) Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo,





incluído. (4) Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.
(5) spp. schoeniculus.

Dende o punto de vista da planificación hidrolóxica a presente zona de reestruturación parcelaria encádrase na Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, dentro dos sistemas de explotación nº 05 "Río Ulla e Ría de Arousa (marxe dereita)" e nº 6 "Río Tambre e Ría de Muros e Noia". En relación á hidroloxía, no ámbito da actuación localízanse os seguintes leitos codificados no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (bacía de achega superior a 1 km²) pertencentes á Rede Hidrográfica Básica e Rede fluvial de detalle: río de Roxos, río Sar, rego Quintáns, rego da Coba, rego de Figueiras, rego de Fontecoba, rego de Portela, rego de Bargo ou Muiño e rego de Vrins e trece regos innominados. Con respecto á hidroloxía subterránea, ao sur da zona de reestruturación existe un manancial de augas termais sulfhídricas, estando afectada dita zona por un perímetro de afección de protección de augas termais e minerais.

No ámbito da actuación atópanse a seguintes zonas protexidas a incluídas no Catálogo de Zonas Protexidas do PHGC, aprobado polo Real Decreto 48/2023, do 24 de xaneiro (codificadas segundo o visor IDE de Augas de Galicia): PHGC2021-2027 Z. Protex. N. Europeo (Zona de Especial Conservación: Sistema fluvial Ulla Deza (EUZPROTCOD: ES014ZECES1140001 e Augas minerotermais perímetro: Balneario do Tremo (EUZPROTCOD: ES014PAMT15031)); PHGC2021-2027 Z. Protex. N. Estatal Aut. (Áreas de especial interese paisaxístico: O monte do Pedroso (COD_ZPROT: AEIP_07_10)); PHGC2021-2027 Z. Protex. PHGC (Captación para abastecemento humano: Fonte de Agrelas (EUZPROTCOD: ES111-15002-ZA-05-0000006), Captación para abastecemento humano: Río Roxos-ZA Ames (EUZPROTCOD: ES111-15002-ZA-05-0000009), Captación para abastecemento humano: Innominada (EUZPROTCOD: ES111-15078-ZA-06-0000008) e Captación para abastecemento humano: Manantiales Brins-ZA Santiago de Compostela (EUZPROTCOD: ES111-15078-ZA-06-0000001)).

En relación aos bens do patrimonio cultural, o EsIA inclúe un catálogo dos bens culturais localizados no perímetro da zona de reestruturación parcelaria que se corresponde co Catálogo de bens que constan na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e ademais dos anteriores, no marco da prospección arqueolóxica realizada localizáronse nove bens do patrimonio etnolóxico novos (tres camiños tradicionais, cinco tramos de muro de pedra en distintas zonas e unha rocha con sinais de traballos extractivos) e delimitáronse sete zonas de potencialidade arqueolóxica (a zona de Monte da Costa, en Portela-Valastrexte, zona das Cerqueiras en Reborido, zona do Marco, na Portela de Figueiras; zona de Porto-Doxo en Vrins, zona de Parola en Piñor, zona da Toxeira en Piñor-Reborido e zona da Esquiña en Vrins). No ámbito da ZRP discorre tamén o Camiño de Santiago, Camiño de Fisterra e Muxía, considerado ben catalogado coa categoría de territorio histórico, así como a Vía Céltica, considerada por algúns autores como ruta de peregrinación xacobeana que desde os portos de arribada do noroeste de Galicia ían en dirección a Santiago de Compostela. Doutra banda e como xa se indicou, no traballo de campo localizáronse algúns exemplos de bens realizados coa técnica tradicional da construción de pedra en seco. No ámbito da ZRP estase tamén a desenvolver o proxecto nomeado Compostela Rupestre, liderado pola Deputación da Coruña, co fin de desenvolver o "Parque arqueolóxico Compostela Rupestre".





No referente á paisaxe, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística de Terra de Santiago-A Barcala. A área de especial interese paisaxístico máis próxima é a AEIP-07-10 O Monte Pedroso que linda ao leste; dentro desta área sitúase o miradoiro do Pedroso, e a 1 km polo oeste, o miradoiro de San Marcos. Así mesmo e como xa se inddicou, pola zona sur da reestruturación discorre o trazado do Camiño de Santiago (Camiño de Fisterra). Trátase dunha zona conformada por montes e pequenos vales fluviais de pendentes medias. A rede hidrográfica está conformada por numerosos regos e polo río Sar que discorre polo sur do ámbito. Os asentamentos de poboación existentes son núcleos compactos, organizados sobre a rede de estradas e camiños, que se localizan principalmente sobre as terras agrícolas e nos bordos da delimitación da reestruturación. Atravesando o ámbito proxéctase a construción dunha nova estrada (variante de Aradas).

2. Consideracións legais e técnicas

2.1. Avaliación de impacto ambiental ordinaria

Como xa se indicou anteriormente, o promotor solicitou a avaliación de impacto ambiental ordinaria ao abeiro do establecido no artigo 7.1.d) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en consecuencia o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

2.2. Resumo da tramitación ambiental e do resultado do trámite de información pública e das consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas

Mediante o Anuncio do 13 de novembro de 2024 (DOG núm. 235, do 5 de decembro de 2024) da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, someteuse a información pública o estudo de impacto ambiental da zona de reestruturación parcelaria de Vilvestro II-Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela (A Coruña).

Así mesmo, segundo o artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro e de forma simultánea á información pública, a dita dirección xeral, como órgano substantivo, realizou as consultas ás Administracións públicas afectadas e persoas interesadas.

Na seguinte táboa figura a relación de consultados durante o dito trámite, sinalando cun x aqueles dos que se recibiu resposta:

Relación de consultados	Respostas recibidas
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	x
Instituto de Estudos do Territorio	x
Dirección Xeral do Patrimonio Natural	x
Drección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal	x
Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Coruña	x





Augas de Galicia	x
Concello de Santiago de Compostela	x
Consello da Cultura Galega	x
Federación Ecoloxista Galega	-
Sociedade Galega de Historia Natural	x

Así mesmo, como resultado da información pública e segundo o expediente achegado polo órgano substantivo, non consta a presentación de alegacións durante o dito período.

Para os efectos de formular a declaración de impacto ambiental, o 19.12.2025 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural como órgano substantivo por razón da materia, completándose este o 19.05.2026.

2.3. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA), certificado de exposición pública e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA.

A continuación, resúmense os aspectos máis relevantes das respostas recibidas dos organismos consultados:

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, en relación á incidencia sobre o patrimonio cultural, sinala que o promotor promoveu a realización dun proxecto de prospección arqueolóxica extensiva selectiva para ter un coñecemento dos bens culturais que poden verse afectados polo proceso de reestruturación parcelaria e como medida preventiva. Nese sentido, o EslA inclúe o documento de Avaliación de Impacto Cultural, que incorpora un catálogo dos bens culturais localizados no perímetro da ZRP e que se corresponden co Catálogo de bens que constan na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Ademais dos anteriores, nesa prospección arqueolóxica localizáronse 9 novos bens do patrimonio etnolóxico e delimitáronse 7 zonas de potencialidade arqueolóxica. Así mesmo, sinalan que no ámbito da ZRP discorre o Camiño de Santiago, Camiño de Fisterra e Muxía que é unha das ruta principais dos Camiños de Santiago. Informan que de acordo co artigo 75 da LPCG ten a consideración de ben catalogado coa categoría de territorio histórico. Indican que o documento inclúe unha medida protectora de carácter xeral baseándose en que as obras poden afectar ao patrimonio cultural e mesmo poñer ao descuberto restos arqueolóxicos non detectados ate o de agora, propoñendo a realización dun control e seguimento arqueolóxico das obras relacionadas coa apertura de novas pistas ou modificación das xa existentes, centrándose nas accións que poidan afectar ao entorno dos elementos patrimoniais incluídos no catálogo.

Na valoración técnica da intervención, esa dirección xeral Indica que o proceso de concentración ou reestruturación parcelaria pode supoñer unha afección sobre o patrimonio cultural polo que de acordo cos artigos 39 e seguintes da Lei 5/2016, do 4 de maio, do





patrimonio cultural de Galicia, deberán de ser autorizadas pola consellería con competencias en materia de patrimonio cultural.

Nese sentido, sinala novamente que o promotor promoveu a realización dunha prospección arqueolóxica para a avaliación do impacto que sobre o patrimonio cultural pode ocasionar a execución das diferentes actuacións do proxecto de reestruturación parcelaria, que consideran adecuada e necesaria como medida preventiva, xa que queda acreditado que o ámbito do proxecto caracterízase pola existencia de numerosos bens do patrimonio arqueolóxico que ao tratarse de manifestacións de arte rupestre ao aire libre, en base ao establecido no artigo 94.2 da Lei do patrimonio cultural de Galicia, son bens de interese cultural (BIC) e polo tanto, gozan da máxima protección e tutela.

Sinala así mesmo que no ámbito da ZRP estase a desenvolver o proxecto nomeado "Parque arqueolóxico Compostela Rupestre", liderado pola Deputación da Coruña e no que tamén participan os concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra. Este proxecto defínese en torno a unha serie de actuacións de diferente índole e obxecto, algunha das cales está xa en marcha, polo que consideran necesario unha coordinación entre as Administracións Públicas que interveñen no territorio co fin de salvagardar os bens do patrimonio cultural de Galicia localizados neste ámbito.

Indican ademais de que o Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía discorre polo ámbito da ZRP e outros bens incluídos no catálogo do PXOM do Concello de Santiago de Compostela, e do Plan básico autonómico e que no traballo de campo localizáronse exemplos de bens realizados coa técnica tradicional da construción de pedra en seco, para que o promotor propón medidas protectoras e coas que está de acordo. Porén, sinalan que na prospección arqueolóxica, non se identifica a Vía Céltica, considerada por algúns autores como ruta de peregrinación xacobeá e que, aínda que non está oficialmente catalogada, está recoñecida polo Cabido de Compostela.

Finalmente informa que durante o proceso de reestruturación parcelaria poden ocasionarse impactos sobre o patrimonio cultural na fase de execución de obras (camiños principais e secundarios ou acceso a novos predios). Outras das afeccións a considerar son a transformación das características do territorio e, especialmente sobre bens arqueolóxicos, os usos das novas fincas de substitución.

Así mesmo consideran que é preciso que se informe ao promotor do proxecto dunha serie de recomendacións a ter en conta durante todo o proceso, que por outra banda tamén se incorporan no EslA e no Estudo de integración paisaxística. Indican tamén unha serie de suxestións a ter en conta ao respecto do novo parcelario, así como recomendacións ao respecto da integración dos bens do patrimonio cultural e medidas de protección de carácter transversal, todas elas que se inclúen no condicionado desta DIA.

Aos efectos de autorización ou informe do proxecto de obras (camiños principais e secundarios e de ser o caso obras de acondicionamento de fincas ou acceso a predios), sinalan que o promotor ten que achegar xunto co proxecto construtivo (en soporte dixital), unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural cun catálogo de bens culturais, elaborado en base aos resultados da prospección arqueolóxica.





E en relación á realización de novas pistas, así como a ampliación de pistas existentes, a eliminación de elementos lineais que configuran a paisaxe e a modificación do relevo natural nas áreas de protección dos elementos do Patrimonio Cultural, sinalan que terá carácter excepcional e, en todo caso requirirá a elaboración dun estudo de detalle do entorno do elemento afectado.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) informa que de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística de Terra de Santiago-A Barcala. Indica que área de especial interese paisaxístico máis próxima é a AEIP-07-10 O Monte Pedroso que linda ao leste; dentro desta área sitúase o miradoiro do Pedroso, e a 1 km polo oeste, o miradoiro de San Marcos. Así mesmo, pola zona sur da reestruturación discorre o trazado do Camiño de Santiago (Camiño de Fisterra). Describe a zona de actuación como zona conformada por montes e pequenos vales fluviais de pendentes medias. A maior parte das superficies está ocupada por matogueira e unha mestura de especies arbóreas, principalmente pinos e eucaliptos, e terras de labor nas zonas baixas. A rede hidrográfica está conformada por numerosos regos e polo río Sar que discorre polo sur do ámbito. Os asentamentos de poboación existentes son núcleos compactos, organizados sobre a rede de estradas e camiños, que se localizan principalmente sobre as terras agrícolas e nos bordos da delimitación da reestruturación. Atravesando o ámbito proxéctase a construción dunha nova estrada (variante de Aradas).

Sinala que os proxectos de reestruturación parcelaria producen un impacto paisaxístico intenso, xa que implican unha transformación importante da estrutura viaria, o sistema parcelario e, consecuentemente, das coberturas do solo, de tal forma que se altera a composición das paisaxes agrarias. Se ben, neste caso, ao aproveitarse os camiños existentes, procurando acondicionar axeitadamente a apertura de novas vías, así como respectar os elementos patrimoniais e etnográficos, como os muros de pedra, considérase que a afección paisaxística verase minimizada.

Finalmente conclúe que o proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. As medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe. En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

A Dirección Xeral do Patrimonio Natural (DXPN) logo de examinar a documentación recibida, realiza unha posta en situación do proxecto no marco do patrimonio natural e a biodiversidade, en relación co ámbito normativo e bases de datos oficiais relacionadas coas competencias desa unidade administrativa. Nese sentido, informan que o lugar onde se localiza a ZRP non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Así mesmo, sinalan que a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais, segundo o artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto. O desenvolvemento do proxecto non afecta a ningunha das zonas húmidas recollidas





no Inventario de humedais de Galicia (IHG). Doutra banda, a ZRP localízase fóra de áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Hidrograficamente sinalan que a zona de actuación é cruzada por unha extensa rede hidrográfica, incluídas nas cuncas do Ulla e do Tambre.

Así mesmo, informan que de conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron unha serie de hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios(*) nomeados no seu informe e sinalados nesta DIA no apartado 1.4.2. No ámbito de actuación, indican tamén que non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

A DXPN informa que segundo se deriva da información dispoñible, a/as cuadrícula/s na/s que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TPG07, 29TPG08 y 29TPG17), correspóndese coa área de distribución dunha serie de especies protexidas nomeadas no informe da dita dirección xeral e sinalados nesta DIA no apartado 1.4.2., incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), non obstante indican que os datos están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise. Sinalan tamén que o proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas

Finalmente, nas conclusións do seu informe establece unha serie de medidas que se deberán ter en conta para evitar afeccións significativas e que se incorporan no condicionado desta DIA.

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (Servizo de Montes de A Coruña) sinala unha serie de cuestións entre as que se inclúen que o proxecto no leste limita co Monte Pedroso, incluído no sistema rexistral forestal da Xunta de Galicia. Respecto diso, entenden que se deben excluír do proceso de reestruturación parcelaria a superficie aproximada de 1,50 ha de *Pinus pinaster* pertencentes ao Consocio de Figueiras (C-2049) que afecta ao Monte Pedroso de Figueiras. indican tamén que se Inclúen aproximadamente 50 m² do monte do Consorcio Santa Susana (C-2050) no que se sitúa un punto de auga para extinción de incendios no lugar de Moas Darriba. Ademais sinalan que no sur da actuación existen certas masas de frondosas de certa entidade, entre 3 e 5 ha, que deberán ser conservadas dada a singularidade respecto ao resto do monte da zona de reestruturación, debendo procurarse a súa conservación e non afectación polos novos camiños, na medida do posible. Sinalan tamén que nos solos repoboados téñase en conta o ciclo de aproveitamento madeireiro para evitar o efecto negativo do adiantamento das cortas, recomendándose algún mecanismo de compensación aos propietarios. Na mellora ou construción de novas pistas de acceso a fincas, indican que se teña en conta o deseño da plataforma dos usos asociados, de tipo forestal, que deberán contar cunhas dimensións acordes co tránsito de vehículos longos e con cargas pesadas e por último, que se prevexan puntos específicos para a carga de madeira e que se teña en conta a posibilidade de talas simultáneas en toda a zona antes do reparto das donas fincas o que podería dar lugar a graves danos nas vías en caso sobre todo de coincidir con factores climatolóxicos adversos.





O Servizo de Prevención de Incendios Forestais de A Coruña informa que non se ten constancia de afección do proxecto a infraestruturas propias do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da provincia. Porén o concello de Santiago de Compostela é zona ZAR (Zonas de Alto Risco de Incendios) de acordo a orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio en base ao risco espacial de incendio forestal e existe unha alta incidencia de incendios forestais nas dúas parroquias obxecto da reestruturación parcelaria.

Informan que os incendios forestais son un dos maiores impactos que pode sufrir un territorio, con repercusións negativas na biodiversidade, nas augas, no aire, no solo, na paisaxe e na poboación. A proximidade de vivendas illadas e núcleos de poboación nesta área, a fan moi vulnerable a incendios de interface urbano-forestal, polo tanto recomendan unha serie de principios e accións encamiñadas á defensa das masas forestais fronte aos incendios forestais no deseño da reestruturación da propiedade, que axuden a mitigar o dano que provocan os incendios forestais e permita realizar labores silvícolas e de prevención e extinción en condicións de seguridade, as cales se inclúen no condicionado desta DIA.

Augas de Galicia en relación á rede fluvial, informa que o ámbito de estudo atópase dentro do sistema de explotación N° 06: "Río de Tambre e Ría de Muros" e sinala as canles que figuran grafadas no ámbito da actuación no visor IDE de Augas de Galicia e xa indicados no apartado 1.4.2. *Principais elementos ambientais* desta DIA. A continuación, informa que segundo o grafado no visor IDE de Augas de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse en zona de policía de leitos de varios cursos fluviais, polo que para a execución das actuacións proxectadas será preceptiva a autorización administrativa previa ou declaración responsable perante Augas de Galicia.

Na zona de servidume informa que con carácter xeral non se poderá realizar ningún tipo de construción, salvo que resulte conveniente ou necesaria para o uso, conservación ou restauración do dominio público hidráulico. Así mesmo, informa que nas zonas de servidume dos leitos non se permitirá a realización de labores agrícolas que impliquen unha deterioración do ecosistema fluvial, como é a aplicación de fertilizantes e fitosanitarios, a labra mecanizada e aquelas actuacións que alteren a morfoloxía da zona de servidume, como pastos e segas. Destaca a importancia de conservar a vexetación das marxes fluviais para manter unha ribeira funcional que actúe como filtro natural antes os posibles aportes de sedimentos e que asegure a súa protección xeomorfolóxica.

En canto ás actuacións construtivas, indica que deberán seguirse os criterios técnicos específicos indicados no seu informe. A continuación sinalan as zonas protexidas que se atopan na contorna do ámbito de actuación do catálogo do PHGC aprobado polo Real Decreto 48/2023, do 24 de xaneiro e xa indicados no apartado 1.4.2. *Principais elementos ambientais* desta DIA, e en relación as zonas inundables, sinala que o ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI delimitada por Augas de Galicia. Inclúen tamén no seu informe un apartado relativo aos aproveitamentos hídricos e por último inclúe os criterios técnicos a ter en conta para a actuación proposta antes sinalados, tanto para a execución das obras como para a fase de explotación, e que se inclúen no condicionado desta DIA.





Finaliza o informe concluíndo que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos sobre o DPH tendo en conta as medidas protectoras e correctoras previstas polo promotor no documento presentado e as consideracións que a tal efecto refire no seu informe e que se recollen na presente DIA.

O Concello de Santiago de Compostela achega os informes do seu Departamento de Biodiversidade e Educación Ambiental, así como o do Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística.

O primeiro deles destaca que o ámbito da reestruturación parcelaria presenta importantes valores naturais e salienta especialmente os ecosistemas asociados ao río de Roxos e ao rego de O Souto, que albergan carballeiras maduras ben conservadas, exemplares de carballos vellos e freixos de gran porte, así como pequenos humidais de alto valor ecolóxico. O ámbito sinalan que inclúe ademais o humidal da Braña de Brins e diversos hábitats de interese comunitario, algúns deles prioritarios. Indica que se identificou a presenza de especies protexidas e ameazadas, entre as que salientan *Elona quimperiana*, *Narcissus cyclamineus*.

Sinalan os principais impactos potenciais asociados á actuación e recomendan evitar actuacións agresivas sobre masas forestais autóctonas, galerías de ribeira e zonas húmidas, así como establecer medidas preventivas, correctoras e de seguimento específicas para os hábitats e especies sensibles.

O informe considera necesario reforzar as medidas de protección e conservación dos elementos naturais máis valiosos, incluíndo un programa específico de seguimento das especies protexidas identificadas e a integración de criterios de restauración ecolóxica e prevención de incendios para garantir a adecuada protección dos valores ambientais existentes.

O informe do Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística sinala a existencia de valores ambientais, hidrolóxicos e patrimoniais relevantes no ámbito da reestruturación parcelaria de Vilvestro II. Destaca a presenza de cursos fluviais e vexetación de ribeira ben conservados, do humidal da Braña de Brins e doutras zonas húmidas con funcións de regulación hídrica e interese ecolóxico.

Así mesmo, sinala que o ámbito intégrase no Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre, que concentra un importante patrimonio arqueolóxico e cultural, contando cun Plan Director que establece medidas de protección da paisaxe, dos xacementos e dos seus contornos. O informe sinala a posible afección da nova rede de camiños, da reorganización parcelaria e da mecanización forestal sobre os valores naturais e patrimoniais existentes, sinalando que se debe analizar detalladamente a compatibilidade da actuación cos obxectivos de conservación do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre

Adicionalmente, indícase que unha parte significativa da superficie presenta pendentes elevadas, o que limita a súa aptitude para a mecanización e incrementa os riscos de erosión e alteración do medio. En consecuencia, recomenda avaliar detalladamente a compatibilidade da actuación cos obxectivos de conservación ambiental, paisaxística e patrimonial do ámbito,





considerando os potenciais efectos sobre os ecosistemas fluviais, humidaís e elementos arqueolóxicos presentes.

O Consello da Cultura Galega conclúe que os bens de interese cultural non se ven afectados pola actuación proposta, que a actuación é compatible cos valores funcionais da paisaxe existente, que desde o punto de vista da ordenación do territorio, a transformación proposta parece compatible coas características edáficas da área, e finalmente que a reestruturación parece non afectar á conservación de hábitats de interese comunitario sempre que se sigan as indicacións do estudo de impacto ambiental, polo que conclúe estimando que a transformación podería ser autorizada.

A Sociedade Galega de Historia Natural, solicita que o proxecto contemple obrigatoriamente; a exclusión de zonas naturais, de interese ecolóxico e elementos da biodiversidade protexidos, así como áreas de bens patrimoniais; a preservación de masas de árbores autóctonos cunha densidade maior do 15% da fracción cabida cuberta; a preservación de canles fluviais e zonas asolagables e os prados de sega; a inclusión exclusiva de terras agrícolas de calidade I a IV; a avaliación precisa da produtividade das terras antes da concentración en termos económicos e agrícolas e a clarificación dos obxectivos demográficos e produtivos da concentración.

Consta no expediente remitido polo órgano substantivo o Informe técnico de resposta aos informes recibidos durante a avaliación ambiental. En relación co patrimonio natural e a biodiversidade, indica que o ámbito de actuación non se localiza nin forma parte de espazos naturais protexidos. Comprométese a incorporar no EsIA referencias ás especies sinaladas nalgún informe dos recibidos e a incluír as especies *Elona quimperiana* e *Narcissus cyclamineus* no Plan de Seguimento e Control. Así mesmo, sinala que as árbores senlleiras mencionadas non se atopan dentro do ámbito da zona de reestruturación e recoñece o valor ambiental de determinados ecosistemas fluviais e áreas con vexetación natural, para os que propón a súa delimitación cartográfica e a posible exclusión do proceso de reestruturación. Respecto do patrimonio cultural, lembra que o EsIA incorpora estudos específicos de impacto e prospección arqueolóxica, etnográfica e arquitectónica. Destaca os informes favorables emitidos polo Consello da Cultura Galega, o Instituto de Estudos do Territorio e Augas de Galicia, así como a proposta de incorporar medidas de coordinación administrativa para a protección dos bens vinculados ao proxecto Compostela Rupestre. Considera, por tanto, que a reestruturación parcelaria é compatible coa conservación dos valores culturais e paisaxísticos presentes na zona.

O promotor sinala tamén que o EsIA identifica os elementos naturais, patrimoniais e hábitats de interese, establecendo medidas preventivas, correctoras e de conservación, incluídas as relativas á protección dos cursos fluviais e da súa contorna. Indica que non se producen afeccións a espazos da Rede Natura 2000 nin a outras figuras de protección ambiental. En relación co perímetro da actuación e a produtividade das terras, remítese ás determinacións recollidas no decreto de reestruturación parcelaria e nas Bases da Zona.

Finalmente, informa de que a superficie aproximada de 1,50 ha correspondente ao Consorcio de Figueiras que afecta ao Monte Pedroso de Figueiras queda excluída do proceso de reestruturación, así como os aproximadamente 50 m² do consorcio de Santa Susana nos que





se localiza un punto de auga para a extinción de incendios forestais. Sinala que as masas de frondosas están identificadas e protexidas mediante medidas específicas, que a clasificación das terras xa contempla diferentes valoracións segundo os usos e cultivos existentes, e que o deseño da rede de camiños e das fincas de substitución procurará minimizar as afeccións ambientais e forestais. Ademais, prevese a reserva de terreos destinados a apoiar a xestión forestal, como cargadoiros e zonas de depósito de madeira.

Así mesmo, o expediente ambiental inclúe o informe técnico do Servizo de Reforma das Estructuras da Consellería do Medio Rural, no que describe o procedemento de reestruturación parcelaria de Vilvestro II-Figueiras II (Santiago de Compostela), promovido ao abeiro da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, cun ámbito de 1.436,84 ha e 13.930 parcelas e 1.329 propietarios. A actuación consiste na reorganización da propiedade rústica mediante a agrupación e redistribución de parcelas, coa finalidade de mellorar a estrutura territorial agraria, excluindo as zonas urbanas e núcleos rurais segundo o Plan Xeral de Ordenación e superficies previamente concentradas

Sinala que o procedemento estrutúrase en distintas fases: actuacións previas e avaliación de cumprimento de obxectivos, decreto de utilidade pública, elaboración das bases de reestruturación parcelaria, acordo de reestruturación, execución do plan de obras e acta de reorganización da propiedade. As bases inclúen a definición do parcelario, a investigación da propiedade, a clasificación de terras e a elaboración dun plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, así como os trámites de enquisa pública, aprobación e comunicación. O acordo de reestruturación comprende o deseño da nova ordenación territorial, a recollida de preferencias dos titulares, a exposición pública, a resolución de alegacións, o amolloamento, a toma de posesión provisional e definitiva e a resolución de recursos. O plan de obras inclúe, entre outras actuacións, a execución de redes de camiños principais e secundarios, accesos aos predios de substitución, obras de acondicionamento e mellora, así como outras infraestruturas rurais complementarias.

O informe indica que o procedemento se tramita conforme á normativa de avaliación de impacto ambiental, incluíndo información pública e consultas a organismos e administracións afectadas. Finalmente conclúe que a Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia pretende que nas actuacións inherentes á reestruturación da propiedade rústica non so primen os criterios de incremento de produción, senón que haxa un equilibrio entre estes e os de conservación de valores ambientais.

Logo de analizar toda a documentación que constitúe o expediente ambiental, cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado 2 da DIA en relación cos informes emitidos polos órganos sectoriais con competencias nos distintos factores ambientais, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e á propia consideración final da DIA respecto da viabilidade ambiental do proxecto co cumprimento das condicións e medidas que se establecen ao longo deste documento, ademais das que figuran no EsIA e a restante documentación avaliada no marco do trámite de avaliación ambiental.





3. Ámbito da DIA

Logo de efectuar a análise técnica do expediente, cabe indicar que o proxecto consiste na reestruturación parcelaria Vilvestro II Figueira II, no concello de Santiago de Compostela (A Coruña), consistente na reordenación da propiedade da terra dentro do perímetro determinado como Ámbito de actuación, nos planos que figuran no estudo de impacto ambiental nomeado *"Estudo de impacto ambiental da zona de reestruturación parcelaria de Vilvestro II (Santiago de Compostela- A Coruña)"*, de setembro do 2024, suxeito ás modificacións e prescricións derivadas dos condicionados establecidos durante a tramitación de avaliación de impacto ambiental do expediente.

A localización do proxecto obxecto desta DIA é a que se reflicte no plano nº 1, denominado *Situación e localización*, do dito *"Estudo de impacto ambiental da zona de reestruturación parcelaria de Vilvestro II (Santiago de Compostela- A Coruña)"*, de setembro do 2024.

En relación ao alcance desta avaliación, non inclúe o ámbito da seguridade das instalacións e dispositivos eléctricos, de estradas, de seguridade e saúde no traballo, nin aqueles outros que posúen normativa reguladora e instrumentos específicos e quedan fóra do alcance da avaliación de impacto ambiental.

4. Condicións ambientais

De acordo coa análise técnica do expediente, establécense as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as incluídas no EsIA e a restante documentación avaliada.

Nese sentido e considerando o exposto no apartado 2, establécese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes dos órganos competentes nas distintas materias avaliadas, ademais do recollido no EsIA e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes que consten no expediente de avaliación ambiental prevalecerán fronte ás do estudo de impacto ambiental ou a restante documentación e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte as anteriores.

Ademais, en todo ao que se refire esta DIA no proceso de reestruturación, teranse en conta as seguintes fases: Fase de formulación, Fase de execución e Fase de explotación, segundo o indicado no punto 1.3 desta DIA.

De xeito previo ao inicio das obras, os proxectos que integran o plan de obras deberán contar cos informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e tamén de Augas de Galicia.

4.1.-Protección do solo

4.1.1.-Fase de formulación





4.1.1.1.-Movementos de terras

- Minimizaranse os movementos de terras, axustándose ao máximo á topografía do terreo durante a construción dos novos viais, os cales, en principio, seguirán o trazado de camiños existentes.
- Os movementos de terra deberán planificarse para seren executados en condicións climatolóxicas favorables —é dicir, en ausencia de precipitacións— co fin de evitar o arrastre de materiais aos leitos fluviais. Ademais, verificarase que se aplican as medidas necesarias, tales como a estabilización e revexetación das superficies afectadas, especialmente nas proximidades dos cursos de auga, para previr posibles desprendementos, procesos erosivos ou o arrastre de sedimentos cara aos leitos.
- As zonas destinadas ao almacenamento de terras definiranse previamente en función de criterios ambientais e en ningún caso se permitirán depósitos de sobrantes en zonas con valores ambientais relevantes, tal como se identifican no estudo ambiental, nin nas sinaladas polos informes sectoriais. No caso de existir ocos na contorna derivados de actividades extractivas abandonadas ou de antigos movementos de terra, priorizarase o seu uso fronte a outras localizacións, sempre que sexa técnica e ambientalmente viable, e estean integrados na paisaxe.
- Definiranse así mesmo as zonas dedicadas a maquinaria e casetas de obra. Estarán debidamente balizadas e illadas do resto da vexetación con gabias ou trampas que eviten as perdas ou verteduras ao resto do lugar a tratar. O finalizar, ditas zonas, deberán ser recuperadas e revexetadas con vexetación autóctona.

4.1.1.2.-Rede de camiños

- No trazado dos camiños, aproveitarase ao máximo posible os xa existentes, conservando a maior parte posible da vexetación arbórea autóctona. Tenderase a seguir as curvas do terreo.
- Os novos camiños deberán contar cos estudos de drenaxe necesarios para non modificar escorrentas naturais. Evitarase a perda de capacidade de filtración das marxes dos regatos, así como o aumento da escorrenta directa nas zonas dos cruces. Realizarase a plantación de especies de ribeira autóctonas, nas beiras que resulten danadas ou carezan de vexetación.
- Evitarase a elaboración de formigón na propia obra. Aplicaranse medidas preventivas durante a manipulación dos formigóns e cementos, para evitar arrastres e vertidos aos cursos fluviais. Non estará permitido o lavado de cubas e ferramentas. Cando non se poida realizar o lavado na planta de preparación, acondicionarase un espazo estanco, coa posterior xestión dos residuos.
- Os residuos resultantes das accións previstas, non poderán ser acumulados en lugares próximos aos ríos para evitar ser arrastrados por choivas, debendo ser tratados e xestionados segundo a lexislación vixente. Prohibirase o vertido e lavado de cubos e ferramentas.
- Excluirase de toda actuación o ancho da ocupación dos recursos fluviais e das canles, xunto coa superficie ocupada pola vexetación de ribeira e as zonas de exclusión





delimitadas no EslA, exceptuando os casos de cruzamento da rede fluvial; neste caso os estribos das estruturas de paso situaranse a polo menos 5m desde a liña de máximas crecidas ordinarias.

- A proposta definitiva da rede de camiños, debe buscar un acordo entre a necesidade de dar acceso ás fincas de substitución, e a preservación dos espazos de alto valor ambiental.

4.1.2.-Fase de execución

4.1.2.1.-Materiais de préstamos e canteiras

- Os materiais de préstamo, necesarios para o desenvolvemento das obras, terán que proceder de explotacións autorizadas. Con carácter xeral non se efectuarán préstamos na zona, excepto xustificación previa, e definiranse e sinalizaranse os lugares de amoreamento de material, e posteriormente procederase a súa integración no medio.
- Cando se precisen achegas externas de terra vexetal, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio e na que existan especies invasoras.

4.1.2.2.-Construcións

- En relación as construcións, balizaranse as zonas de exclusión, co obxecto de minimizar os impactos sobre os ecosistemas fluviais, vexetación restantes elementos de interese a preservar.

4.2.-Protección das augas e hidromorfoloxía

Deberase ter en conta no proceso de reestruturación o indicado por Augas de Galicia no seu informe. Neste sentido:

En relación á rede fluvial:

- No caso de que existan outros cursos fluviais ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.
- Segundo o disposto no artigo 53.1 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH), no dominio público hidráulico os usos comúns especiais e outras actividades non recollidas nos artigos 51 e 52 do dito regulamento, que pola súa especial intensidade poidan afectar á utilización do recurso por terceiros, requirirán autorización previa do organismo de bacía, debéndose presentar declaración responsable para o exercicio no dominio público hidráulico dos restantes usos comúns especiais.
- A lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 do RDPH, a execución de calquera





obra ou traballo na zona de policía deberá contar coa correspondente autorización administrativa previa ou declaración responsable perante o organismo de bacía, conforme ao artigo 78 e seguintes.

Tendo en conta que as actuacións proxectadas atópanse en zona de policía de leitos de varios cursos fluviais, para a execución das actuacións proxectadas será preceptiva a autorización administrativa previa ou declaración responsable perante Augas de Galicia.

- Tanto as autorizacións administrativas previas como as declaracións responsables, en función do caso, a tramitar perante o organismo de bacía serán independentes de calquera outra que haxa de ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas.
- Segundo o establecido no artigo 126 ter do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, como criterio xeral, non será autorizable a realización de cubricións dos leitos nin a alteración do seu trazado. Amais, segundo o establecido no artigo 7.3 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, na zona de servidume de leitos, con carácter xeral, non se poderá realizar ningún tipo de construción salvo que resulte conveniente ou necesaria para o uso do dominio público hidráulico ou para a súa conservación e restauración.
- Amais do anterior, con carácter xeral, nas zonas de servidume dos leitos non se permitirá a realización de labores agrícolas que impliquen unha deterioración do ecosistema fluvial. Para estes efectos, considérase que implica unha deterioración do ecosistema fluvial a aplicación de fertilizantes ou de produtos fitosanitarios, a realización de labra mecanizada e aquelas actuacións que supoñan unha alteración da morfoloxía da devandita zona de servidume, como pastos e segas.
- Por outra banda, dada a especial transcendencia que supón para a conservación do medio fluvial, considerase de especial importancia que nas beiras dos leitos as actuacións a realizar respecten a vexetación existente de modo que se poida garantir a existencia dunha zona de ribeira funcional que actúe como filtro natural ante os posibles aportes de sedimentos e que asegure a súa protección xeomorfolóxica.
- Segundo o establecido no artigo 33 do PHGC vixente, na zona de servidume prohibese a realización de novas plantacións, agás cando teñan como finalidade a restauración ambiental e se utilicen variedades locais de especies autóctonas propias da zona de ribeira, en patróns de plantación irregulares. Deberán quedar conectadas funcionalmente co leito e deberán incluír a inhibición do crecemento de especies non propias da zona de ribeira.
- Con carácter xeral, e co fin de evitar a erosión das marxes, na zona de servidume non se permitirá cortar nin arrincar os tocos de árbores abatidas que estean en condicións de bo estado fitosanitario, agás cando sexa preciso por motivos de restauración ambiental.
- Segundo o Artigo 7.2 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, as tallas e plantacións de especies arbóreas en zona de servidume requirirán autorización do organismo de bacía (neste caso Augas de Galicia).





- Segundo o establecido no artigo 33.2 do PHGC, con carácter xeral, nos tramos fluviais catalogados como rede hidrográfica básica, nas franxas de 10 metros anexas ás zonas de servidume só se permitiran plantacións de cultivos arbóreos das especies de frondosas incluídas no anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Establécense as seguintes consideracións construtivas dirixidas a garantir a non afectación ao medio fluvial:

- No relativo á definición da rede de camiños teranse en conta as seguintes consideracións:
 - Para minimizar as potenciais afeccións ao medio hídrico xeradas pola construción de camiños, estes proxectaranse fora das zonas de servidume, sen afectar á continuidade lateral entre os leitos e as súas zonas de inundación e evitando nos seus trazados as tendencias ao paralelismo cos leitos.
 - Os cruzamentos dos leitos, de seren necesarios, proxectaranse segundo a Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa, *Artigo 66. Obras de paso de infraestruturas de transporte*, e segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, *Artigo 126 ter. Criterios de deseño e conservación para obras de protección, modificacións nos leitos e obras de paso*.
 - A reincorporación das augas interceptadas polas cunetas dos camiños ao medio receptor deberá ser gradual, debéndose implantar, se fose necesario, as medidas oportunas a tal efecto, como por exemplo a disposición no punto de incorporación de sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materias, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de evacuación das augas. Amais, respectaranse as distintas bacías vertentes ás valgadas, evitando engadir a unha vagada áreas vertentes superiores en máis dun 10% á superficie da bacía propia.

De acreditarse a súa inocuidade (inexistencia de risco de incorporación de contaminantes), informase que as reincorporacións ao medio natural das augas interceptadas polas cunetas non constitúen actividades de vertido susceptibles de autorización.
- Na fase de execución das obras deberanse propugnar medidas preventivas para evitar que, especialmente en días de choiva, os posibles arrastres de terras poidan ser incorporados ao medio fluvial, como, por exemplo, situar os amoreamentos de materiais e de residuos, en zonas sen pendente e sen interferir nas vías naturais de escorrenta (preferiblemente fora da zona de policía e sempre fora da zona de servidume e das zonas inundables), prever a implantación de métodos de contención de sedimentos como barreiras de retención ou balsas de decantación e mesmo, de ser necesario, prohibir a execución de traballos de movemento de terras nos días de fortes choivas.
- Na fase de explotación, con respecto aos fertilizantes orgánicos tipo xurros e os produtos fitosanitarios perigosos para o medio acuático, a falta doutra proposta





xustificada cun estudo técnico axeitado, respectaranse como mínimo as seguintes distancias de protección na contorna próxima de captacións de auga preexistentes, que deberán quedar libres de aplicación: 35 m de distancia para aplicación de fertilizantes orgánicos tipo xurros á captacións destinadas a abastecementos humanos e 10 m para captacións con outros usos distintos ao abastecemento humano; e en canto a aplicación de produtos fitosanitarios perigosos para o medio acuático, 50 m de distancia ás captacións para abastecemento humano e 20 para captacións con outro tipo de usos distintos ao abastecemento humano .

Así mesmo, nas zonas de servidume dos leitos non se poderá proceder á aplicación de fertilizantes orgánicos tipo xurros, nin de produtos fitosanitarios perigosos para o medio acuático.

- Calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do TRLA.
- Calquera vertido ao dominio público hidráulico ou as augas continentais, de forma directa ou indirecta, deberá contar coa preceptiva autorización deste organismo de bacía, nos termos establecidos nos artigos 100 e seguintes do TRLA e nos artigos 245 e seguintes do RDPH.

En relación ás zonas protexidas:

- Deberase ter en conta a existencia na contorna do ámbito de actuación das zonas protexidas do catálogo do PHGC aprobado polo Real Decreto 48/2023, do 24 de xaneiro, referidas no informe de Augas de Galicia, especialmente adoitando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.

En relación ás zonas inundables:

- Aínda que segundo informa o órgano de bacía, o ámbito da actuación non está afectado por ningunha ARPSI delimitada por Augas de Galicia deberase ter en conta que nestas zonas ou vías de fluxo preferente só poderán ser autorizadas aquelas actividades non vulnerables fronte ás avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugadoiro das devanditas zonas, nos termos previsto nos artigos 9 bis, 9 ter e 9 quáter.

En relación aos aproveitamentos hídricos:

- No caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto, deberase contemplar a súa reposición.





- O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

4.3.-Protección da patrimonio natural e biodiversidade

Terase en conta no proceso de reestruturación o informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Natural, adoptando as seguintes consideracións:

4.3.1.-Fase de Formulación

4.3.1.1.-Áreas con valores naturais

- Conservaranse as seguintes formacións singulares, que deben excluírse, en todo caso, da reestruturación parcelaria ou garantir a súa permanencia:
 - Os humidais incluídos no Inventario de Humidais de Galicia, deixando unha marxe de seguridade de 5 metros respecto dos límites rexistrados na capa SIX do Inventario de Humidais de Galicia. Non se poden realizar modificacións do seu réxime hídrico ou a súa natureza de humidal.
 - As masas con características propias das masas consolidadas de frondosas caducifolias autóctonas, tales como fragas, reboleiras ou soutos de castiñeiro, de máis de 10 ha e 20 anos de idade, reservorios de biodiversidade e corredores ecolóxicos.
 - Así mesmo, excluíranse aqueles bosques nos que existan rexistros actuais ou evidencias da presenza de especies recollidas no CGEA como en perigo de extinción.
 - Os hábitats prioritarios (*), tanto os constituídos por formacións arboradas como o resto. Estes hábitats deben permanecer inalterados. As únicas actuacións posibles estarán relacionadas co seu mantemento ou coa recuperación do seu estado natural (independentemente de posibles futuros aproveitamentos compatibles coa súa conservación).
 - A vexetación de ribeira, polo menos, nos 5 metros propios da servidume de paso. Ademais, en canles fluviais de máis de 2 metros de ancho non pode haber outras especies arbóreas caducifolias que as asociadas a estes nunha franxa de 15 m a partir de cada beira.

4.3.1.2.-Presenza de fauna

Para as especies que se indican, trasládanse as seguintes orientacións:

- En relación cos anfibios, procurarase preservar fontes, pozos, albercas, bebedoiros,





etc...

- Para a conservación de *Circus pygargus* tomaranse as seguintes medidas:
 - Manter os brezais e toxeias, e o seu entorno, nas zonas de cría da especie evitando a súa transformación en cultivos ou repoboacións forestais.
 - Manter a superficie ocupada por prados, pastos e pasteiros nas áreas de distribución potencial de ambas especies.
 - Limitación da superficie de cultivos sen interese para os *Circus*: millo e pataca en sistemas intensivos con transformación de grandes superficies.
 - Avaliación dos proxectos de regadío en áreas de nidificación de *Circus*.

4.3.1.3. Integración no medio biofísico

Para garantir a integración do proxecto tanto no medio biótico como abiótico e por extension no perceptual, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Aproveitarase ao máximo posible a existencia de antigos accesos para o trazado das novas pistas.
- Os viais que se deseñen deben ter moi presente a biocenose e a paisaxe, evitando a afección aos hábitats máis sensibles e importantes.
- Os viais axustaranse á topografía do terreo para minimizar o movemento de terras e reducir os impactos. O modelado dos taludes e o trazado dos viais evitará formas demasiado artificiais procurando que o cambio de pendentes sexa gradual, integrándose co medio natural e por extensión coa paisaxe.
- Esta asimilación á fisiografía do entorno debe entenderse tamén no seu trazado, evitando os rectilíneos, tendendo a seguir as curvas de nivel do terreo. Evitarase o efecto cuadrícula tan habitual nas concentración parcelarias.
- Adoptaranse as medidas pertinentes que garantan que non se orixinen desprendementos, fenómenos erosivos, contaminantes ou cambios hidrolóxicos.
- Evitar modificar as zonas de escoamentos para non influír nos ecosistemas naturais augas abaixo da infraestrutura. Neste sentido, deberanse colocar tantos pasos de auga como valgadas teña o terreo, e dimensionaranse adecuadamente para evitar o efecto presa en épocas de máxima precipitación. Esta medida será utilizada como paso pola pequena fauna (anfíbios, réptiles e micromamíferos).

4.3.1.4.-Paso de animais

- No caso de que nos camiños de servizo se necesite habilitar pasos canadenses, deberanse deseñar as medidas necesarias que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foso.

4.3.1.5.-Terreos forestais

- Nas zonas da concentración parcelaria os aproveitamentos das zonas forestais levaranse a cabo de acordo cas características culturais de cada especie,





tratamentos silvícolas, e tipos de corta de rexeneración .

- Cando se leven a cabo repoboacións, en zonas forestais, estas axustaranse ao establecido na lexislación forestal e ambiental ao respecto, contando co informe favorable da Consellería do Medio Rural.

4.3.2.-Fase de explotación.

4.3.2.1.-Xestión e protección das áreas con valores naturais

- Non se poderán facer intervencións non descritas na documentación achegada ou que contraveñan as medidas e condicionado establecidos nesta declaración de impacto ambiental.
- Debe asegurarse un efectivo tratamento dos residuos, vertidos e emisións xerados, coa interposición dos medios necesarios e os oportunos mecanismos de control e vixilancia, en aras de evitar a contaminación que potencialmente se pode producir na contorna.
- Se durante a execución e explotación do proxecto se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar a devandita afección e será, o Servizo de Patrimonio Natural, quen decidirá sobre a conveniencia da solución para adoptar, así como as actuacións necesarias ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.
- Procederase o balizamento das masas e formacións vexetais de interese ambiental, para evitar a súa eliminación.
- Respectarase toda vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras e reducirase na medida do posible a eliminación da vexetació.
- Procederase á eliminación de especies exóticas e invasoras existentes no ámbito de actuación, adoptando as medidas necesarias a fin de evitar a súa propagación.

4.3.2.2.-Presenza de fauna.

Ademais do xa indicado nos puntos anteriores ao respecto, terase en conta:

- Garantirase a conservación dos exemplares de especies de flora e fauna recollidas na listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e singularmente no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril), que poidan estar presentes na zona de actuación.

En xeral, cumpriranse os deberes establecidos a este respecto no artigo 89 e 93 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, así como o réxime de excepcionalidade ás prohibicións, de ser o caso, recollido no seu artigo 99 da lei.

Neste marco comprobarase, previamente o inicio do acondicionamento do terreo, da ausencia na zona de especies de fauna e flora catalogada que poidan ser danadas e,





de existir deberán non iniciar/o paralizar os traballos e poñer en coñecemento de tal situación ao Servizo provincial de Patrimonio Natural, quen decidirá sobre a solución a adoptar.

- En relación co anterior, verificarase a ausencia de avifauna nidificante antes das labores de corta das árbores ou roza de mato e no caso de que se atopen, adoptaranse as medidas de protección, especialmente no caso das especies vulnerables e en perigo de extinción que se atopen nas árbores e no chan.
- No caso de existir avifauna nidificante, establecerase un perímetro de seguridade de 500 metros, libre de maquinaria e de todo tipo de tráfico que garanta a tranquilidade das aves.

4.4.-Xestión de Residuos

- Adoptaranse as medidas técnicas e economicamente viables para reducir a cantidade de residuos xerados.
- Os residuos xerados serán xestionados de acordo coa súa natureza e conforme á normativa vixente. En todo momento deberase respectarse o principio de xerarquía na xestión de residuos, primando o reemprego e a reciclaxe fronte ao vertido.
- De ser necesaria a realización de almacenamentos temporais de residuos, adaptaranse as medidas oportunas co obxecto de que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación, evitando en todo caso producir afeccións ao medio ambiente.
- As zonas de almacenamento de residuos, así como os seus colectores, manteranse correctamente etiquetados, sinalizados e en correcto estado de mantemento e limpeza. Os envases baleiros deberán depositarse en colectores habilitados (Sistema Integrado de Xestión de Envases) ou entregarse a un xestor autorizado.
- Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras
- Procurarase a valorización da biomasa vexetal eliminada, evitando a queima *in situ* e, de realizarse esta, deberase contar coa autorización ou permiso regulamentario correspondente. Sempre que sexa posible, optarase pola compostaxe natural dos restos vexetais. Para a súa integración sobre o terreo levarase a cabo a trituración e incorporación ao solo, diminuíndo así o risco de incendios forestais, evitando a aparición de pragas.
- A xestión dos restos xerados pola roza de especies invasoras realizarase de forma individualizada e controlada, evitando a súa dispersión ou reintrodución e proliferación accidental no medio.

4.5.-Protección do Patrimonio Cultural

Para a protección do patrimonio cultural estarase ao indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe. Nese sentido, adoptaranse o seguinte condicionado:





- A rede de camiños deberá apoiarse na medida do posible sobre os camiños rurais xa existentes, non atravesando as zonas de protección do patrimonio cultural salvo que sexa estritamente necesario.
- As trazas dos novos camiños buscarán respectar a vexetación de bordo dos camiños antigos cando coincidan en traza, mantendo cando menos un bordo do camiño vello coa vexetación existente e os muros de pedra.
- Os camiños que rematen nos núcleos tradicionais deberán ir reducindo o seu ancho a medida que se achegan a eles, progresivamente ata acadar o ancho do camiño no que desembocan, evitando transicións bruscas entre anchos, xa que logo no interior destes núcleos os viarios son, normalmente, moito máis estreitos.

No que respecta ao novo parcelario deberán terse en conta as seguintes suxestións:

- No contorno dos bens declarados de interese cultural (BIC) e catalogados deberase conservar maioritariamente a estrutura parcelaria e camiños existentes, co obxecto de non modificar a paisaxe que os arrodea.
- Deberase prever o seu axuste o máis posible ao existente, conservando o maior número posible de elementos conformadores da paisaxe rural, sobre todo nas áreas de protección dos elementos do patrimonio cultural, permitíndose agrupar parcelas de reducida extensión para unificar e facilitar o cultivo, pero sen introducir novas liñas, alleas ás existentes, que desfiguren o carácter tradicional destas áreas.
- O deseño das futuras fincas deberá ser coherente coa preservación dos camiños tradicionais e corredoiras que se identifiquen no estudo do patrimonio cultural, e que non estean incluídas na rede de camiños principais, de xeito que podan seguir en uso ou dar acceso ás parcelas.
- Tendo en conta que a paisaxe tradicional está caracterizada pola abundancia de valos artesanais de pedra que delimitan as actuais fincas e camiños, así como de lindes vexetais formados por ringleiras de árbores e/ou arbustos, sería axeitado que estes se tiveran en conta no deseño das futuras parcelas co fin de facer coincidir, na medida do posible, os antigos e os novos lindeiros de fincas e así conservar estes elementos tan característicos desta paisaxe galega. Os elementos de valor etnográfico e cultural que por forza haxa que retirar, deberán ser obxecto de recuperación, desmontándoos e aproveitándoos para definir as novas fincas.

Con respecto á integración dos bens do patrimonio cultural no proceso de reestruturación parcelaria, recomendamos que os xacementos arqueolóxicos de maior extensión se incorporen a unha masa común e que bens etnográficos de uso público como pontellas, fontes, pozas de rego, cruceiros, etcétera, deberán quedar en zonas exentas de reparcelación e garantir o seu acceso. A estes efectos sería recomendable unha coordinación entre a





Consellería do Medio Rural e as administracións que impulsan o proxecto de Compostela Rupestre.

Como medida de protección de carácter transversal, en canto á súa aplicación durante todo o proceso de reestruturación parcelaria, é necesario que se informe ás persoas propietarias dos predios localizados no contorno de protección de bens culturais, das obrigas establecidas no artigo 32 da Lei do patrimonio cultural de Galicia, en canto á súa conservación, mantemento custodia debida para evitar a súa perda, destrución ou deterioro, así como do réxime xurídico das intervencións nos bens de interese cultural e catalogados e no seu contorno de protección.

Aos efectos de autorización ou informe do proxecto de obras (camiños principais e secundarios e de ser o caso obras de acondicionamento de fincas ou acceso a predios), o promotor achegará xunto co proxecto construtivo (en soporte dixital), unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural cun catálogo de bens culturais, elaborado en base aos resultados da prospección arqueolóxica.

O catálogo debe de contar cunha ficha individualizada de cada un dos bens que conterá, a lo menos, a seguinte información:

- Identificación do ben: nome, concello, parroquia, lugar
- Réxime xurídico do ben (BIC, catálogo ou censo)
- Referencia a coordenadas UTM e o ETRS 89 (fuso 29)
- Representación gráfica, a escala 1:5.000, de cada un dos bens na cartografía catastral, nos planos topográficos e na ortofotografía. As tramas a empregar ou capas non deben ocultar a información do estado actual de embaixo.
- Fotografías do elemento, sinalando na planimetría o lugar desde o que se tomaron as fotografías.
- O ámbito de ocupación dos bens culturais debe de representarse nos planos parcelarios, topográficos e na ortofotografía. A escala de representación recomendada nos planos xerais é 1:5.000
- Para a delimitación do ámbito de ocupación de cada un dos bens (especialmente no caso dos de carácter arqueolóxico) e do seu contorno de protección, ademais do traballo de campo, deben de empregarse as diferentes ferramentas e visores do IET
- Relación das parcelas catastrais nas que se localiza o ben e o seu contorno de protección. Estas deben de terse en conta ao efecto de información aos propietarios.

A realización de novas pistas, así como a ampliación de pistas existentes, a eliminación de elementos lineais que configuran a paisaxe e a modificación do relevo natural nas áreas de protección dos elementos do Patrimonio Cultural, terá carácter excepcional e, en todo caso requirirá a elaboración dun estudo de detalle do entorno do elemento afectando. Este documento deberá incluír, ademais da información da ficha do catálogo, a seguinte:

- Fotografías do elemento e da zona na que se van executar as obras. Debe de sinalarse na planimetría o lugar desde o que se tomaron as fotografías.





- Especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto.
- Planimetría de detalle sinalando as distancias reais das obras aos elementos do patrimonio cultural. Aportaranse seccións transversais dos novos camiños onde se reflicta a relación co elemento, sinalando a rasante actual e a proposta. No caso de acondicionamento de camiños existentes sinalarase o estado actual e a proposta de obra e aportaranse fotos do estado actual dos camiños.
- Valoración das afeccións reais e proposta de medidas protectoras e correctoras.

Cara a unha mellor avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural de cada un dos proxectos, xunto co estudo de impacto sobre o patrimonio cultural achegarase unha capa ou arquivo SHP no que se representen todas as obras e instalacións do proxecto e outra na que se recolla a malla de puntos correspondente ao perímetro dos bens culturais localizados.

4.6.-Integración paisaxística

- As medidas preventivas e correctoras propostas no EIIP, apoiadas nas Directrices de paisaxe, e no documento de avaliación de impacto cultural, consideradas axeitadas polo IET para minimizar o impacto visual da actuación e que contribuirán a mitigar os impactos na paisaxe, deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG.
- As labores de restauración ou revexetación que, se é o caso, se fagan deberán atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito da restauración.
- No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes conservando o maior número posible de elementos lineais de interese ambiental.
- Deberase procurar que na reorganización das propiedades, as parcelas resultantes da agrupación manteñan as características morfolóxicas do parcelario de orixe, procurando que se manteñan os lindeiros de maior valor ecolóxico.

4.7.- Protección da atmosfera, poboación e saúde

- Adoptaranse as medidas necesarias para minimizar a emisión de po durante a execución das actuacións proxectadas. Os camiños que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivos similares.





- Os niveis de presión sonora durante a fase de obras deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas.
- Levarase a cabo o mantemento periódico e axeitado da maquinaria e dos equipos para evitar as folgas, friccións, desaxustes mecánicos, etc., do seu uso e desgaste e que incrementan o nivel de ruído, e co obxecto tamén de que non se produzan perdas de hidrocarburos e aceites. A maquinaria a empregar cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor da documentación acreditativa ao respecto, así como a ITV e vigor.

4.8.- Protección fronte aos incendios forestais, accidentes graves ou catástrofes

Preveranse e adoptaranse as medidas necesarias para eliminar os riscos de incendio, tanto na fase de obras como na de explotación. Neste sentido teranse en conta principios e accións encamiñadas á defensa das masas forestais fronte aos incendios no deseño da reestruturación da propiedade, que axuden a mitigar o dano provocado polos incendios forestais e permitan realizar labores silvícolas e de prevención e extinción de incendios en condicións de seguridade como os que se relacionan a continuación:

- Dada a proximidade de contornas urbanas e núcleos de poboación, a rede viaria así como a definición das faixas de xestión de biomasa primarias, secundarias e terciarias, deben quedar definidas na reestruturación, axustándose ao estipulado na lexislación sectorial existente, Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e a Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia, en canto ás distancias de plantación e áreas de xestión de biomasa.
- No deseño da rede viaria, considérase que as pistas principais e secundarias proxectadas deben dispoñer de faixas laterais libres de vexetación arbórea, especialmente piñeiros e eucaliptos, tal como dispón a lexislación sectorial nas ditas leis 3/2007 e 7/2012, para as novas plantacións, constituíndose así en faixas devasas que rompan a continuidade vertical e horizontal da biomasa no espazo forestal.
- As pistas forestais deben ter saída ou conexión. Nunha área forestal, as pistas sen saída poden xerar un atrapamento de persoas ou dos medios de extinción que acudan á extinción dun incendio forestal. Ante a imposibilidade de darlle continuidade (sempre isto de forma excepcional), debe estar indicado e cun área de xiro ou cambio de sentido de dimensións suficientes para xirar tanto a maquinaria forestal como os medios de prevención e extinción de incendios forestais.
- No que respecta á capacidade portante das pistas, debe ser suficiente para a circulación de maquinaria forestal e de prevención e extinción de incendios forestais.
- Teranse en conta as recomendacións que o concello no ámbito de actuación e a administración pública que corresponda, poida ditar en materia de riscos, de acordo coa Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

4.9. Outras condicións





4.9.1.-Fase de formulación.

- Desenvolveranse as medidas que sexan necesarias para evitar os impactos asociados á fase de formulación, entre eles atopase a construción de peches, cortas indiscriminadas de vexetación e a modificación abusiva de cultivos, entre outros.
- Con respecto a servidume, manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso, que existan na actualidade. De cortarse o paso dalgunha vía, deberanse crear rutas alternativas co mesmo servizo.
- Cando houbese estradas afectadas, camiños ou calquera outra infraestrutura, deberán restituírse ao estado previo das obras.
- Os potenciais cambios de funcionalidade ou uso do solo que se vaian a executar dentro do ámbito da reestruturación parcelaria, deberán someterse, no caso de resultar preceptivo, ao procedemento de avaliación de impacto ambiental correspondente, segundo a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.
- Con carácter xeral, o promotor deberá respectar as boas prácticas ambientais para a realización das obras. Nese sentido, poranse en coñecemento de todo o persoal de obra as medidas de carácter ambiental que deberán adoptarse ou respectar para evitar impactos e danos derivados da execución do proxecto.
- Notificarase aos propietarios e daráselles información sobre a obriga legal, de obter os permisos que sexan necesarios para a corta de especies arbóreas, informarse así mesmo doutras obrigas establecidas na normativa vixente, en materia de ordenación do territorio, de xestión forestal e conservación da superficie agraria, entre outras.

4.9.2.-Fase de explotación.

- Todo deterioro que se lle ocasionen ás infraestruturas viarias, debido ao uso que se faga delas durante a fase de explotación, deberá ser reparado, aplicándose en todo caso ás obras de reparación, as cautelas e medidas de protección medioambientais, recollidas no presente informe, e os recollidos polos organismos consultados.
- Farase un uso sostible da zona, mediante a toma de criterios de sostibilidade ambiental.
- Nos límites da zona de concentración parcelaria, farase un control topográfico de ditos límites, dos predios de substitución, e da traza de camiños.

5.-Programa de vixilancia e seguimento e ambiental

5.1.-Fase de formulación

Redactarase o Programa de vixilancia e seguimento ambiental, que terá en conta todos os impactos avanzados no estudo de impacto ambiental.





Nese sentido, tomando como base o programa de vixilancia e seguimento ambiental proposto na documentación avaliada, deberán incorporarse os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA, que deberán incluír as especificacións de seguimento que resulten, para cada fase, dos informes derivadas dos organismos consultados. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase, a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Dito programa terá como obxecto garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras e, se é o caso, compensatorias, contempladas no documento ambiental, nos informes dos organismos consultados, e no condicionado da presente DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas ou coñecementos xurdidos. Correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento do cumprimento desta declaración de impacto ambiental, de acordo co artigo 52 da dita Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O promotor asegurará que o programa de vixilancia ambiental quede finalmente definido segundo o arriba indicado para garantir o cumprimento de todas as medidas e permitir así acadar os obxectivos establecidos.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- a) Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, deberase designar unha persoa con formación adecuada en materia ambiental que será a responsable do seu control. O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado e con capacidade técnica suficiente en materia ambiental, de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.
- b) Lémbrese que sempre que exista a acreditación e alcance correspondente, os estudos e controis preoperacionais, tomas de mostras, medicións e analíticas, durante toda a fase de obras, realizaranse por entidades acreditadas polo organismo nacional de acreditación (ENAC). En todo caso, deberán cumprirse os requisitos indicados polos organismos sectoriais no seus informes en materia de acreditación e os traballos realizaranse co alcance correspondente a cada tipo de control, toma de mostras, medición ou analítica a realizar. Ademais, os informes estarán asinados e amparados pola dita acreditación. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de seguimento.
- c) No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, na documentación avaliada ou nesta DIA, comunicárase inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo porá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

No Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental, incluírase o Plan de Control de Calidade das Augas e das Redes de Drenaxe, coas medidas propostas e engadindo a súa vez o informado e o que, se é o caso, estableza o órgano de bacía e a Dirección Xeral de Patrimonio





Natural ao respecto. No que respecta a calidade das augas, indicaranse as análises de augas que se realizarán, así como os puntos de mostraxe e a frecuencia das análises e seleccionaranse os puntos de toma de mostras, augas arriba e augas abaixo, da zona afectada.

5.2.-Fase de execución e de explotación

Levarase a cabo o Programa de Vixilancia Ambiental para estas fases do proceso de reestruturación, do que se responsabilizará a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural na súa condición de promotor e, correspondéndolle tamén o seguimento do cumprimento da DIA, na súa condición de órgano substantivo, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

6. RESOLUCIÓN

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático,

RESOLVE:

Formular a declaración de impacto ambiental do proxecto de reestruturación parcelaria de Vilvestro II Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela (A Coruña), promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, concluíndo que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado e programa de vixilancia ambiental que figuran ao longo deste documento, que prevalecerán sobre todo o anterior.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar condicionados adicionais aos anteriores, do xeito que proceda.

Ante calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA o órgano substantivo terá en conta a variable ambiental e, se é o caso, previa autorización dos cambios valorará a necesidade de realizar unha nova tramitación de avaliación de impacto ambiental.

De acordo co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, mediante o anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia daráselle publicidade a esta declaración de impacto ambiental, que estará dispoñible na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e remitirase ao órgano substantivo, para os efectos do artigo 42 da dita lei.

Esta declaración de impacto ambiental non exime ao promotor da obriga de obter todas as autorizacións, licenzas, permisos ou informes que sexan legalmente esixibles para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

De acordo co disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento do cumprimento da declaración de impacto ambiental.





Esta declaración de impacto ambiental, de conformidade co artigo 9. bis da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no Diario Oficial de Galicia, non comezara a execución do proxecto ou actividade no prazo de seis (6) anos.

A eses efectos, o promotor de calquera proxecto ou actividade sometido a avaliación de impacto ambiental deberá comunicar ao órgano ambiental a data de comezo da execución do devandito proxecto ou actividade.

De acordo co artigo 41.4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, contra esta declaración de impacto ambiental non procederá recurso algún sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa e xudicial fronte ao acto polo que se aproba e/ou autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

Alejandro Carrera López
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

